

“Os vellos dician que angula só había de preamar e eu tamén creira iso”

José Álvarez Gayoso
“Pepe Coruto”



Pescadores no embarcadiro de Amorín

Un Sabio do Miño

Texto: **Natalia Jorge** | Fotografía: **Gustavo Rivas**

Tomino
identidade aberta

Pepe Coruto

(Amorín, 1934)

Homenaxeado das
Festas do Alivio 2023

setembro

09/09

sábado



Ás 21.00 h



Praza do Seixo

Tomino
identidade aberta



Meu av aprendeume que a sabedor a estaba en saber utilizar o que un sabe cando hai que facelo.

O Pepe do Coruto un home sabio. **Non era destacado na escola**, el a coas vacas para a ribeira. Tampouco emigrou porque cando todos o facían saíam d'ollos:

-Non podes marchar que non temos diñeiro e tes que axudarme a min.

De pequeno sempre andaba no campo, *eran como escravos* porque daquela traballábase moito para pouco. Ao medrar meteuse no río, a nda non tiña os 14 anos. Foi no sitio de seu pai porque querano mellor a el, sabía andar coas cordas, coas redes, e débelle ben coselas.

Nos seus comezos había moita xente no río, pescaban os de Amorín, os de Carregal, os de Taborda, os de Piñeiro, os de Currás, os de Sobrada. Algúns, os que tiñan diñeiro, mandaban *carceleiros*, persoas que os substitúan a cambio de pago.

Pescábase de noite e de día. Había turnos, os que pescaban un *quiñón* tocáballe día e noite. **Pasábase mal!**

Daquela as redes eran de arrastre: a barredoura e o alcherife, e precisaban de moitas mans. Por iso formaban compañías de dez persoas, primeiro no barco *largaban* a rede cara ao medio do río e despois en terra tiraban polas cordas arrastrando todo o que caera. Cando víaa un salmón, era toda unha celebración.

Había peixe para comer e vender. Vían redadas de sábiles, cen, douscentos que cada familia salgaba para todo o ano.

O río era vivido, nas ribeiras homes, rapaces e tamén mulleres vestidos con polainas, calzados con zamancas tiraban pola rede. Arredor da cintura o *chicote*, ás veces de coiro outras, cando non había cartos, unha capa de bicicleta reaproveitada. *E veña a agharrar e tirar!*

Os antigos encargábanlle ao Coruto que *largara* a rede, non era fácil. Abaixo, no fondo, estaba o perigo. Enganchala nun pedregal ou nunha pedra pode significar ir ao fondo e non saír. Diso saben os barqueiros, que **antes ou despois sentiron preto o fin.**


O Coruto non tardou en facerse destacar. A nda vivía seu pai cando teimou en construír un barco. Empezou no palleiro pero había quen dicía:

-O teu fillo non é capaz

Mais o Pepe tiña unha idea e a saía. Levou o barco para dentro da casa vella, a que fora dos avós e noutro tempo de curas, meteuno na planta de arriba e fíxoo alí. Cando rematou, o Venero d'ollos:

-Rapas lévocho eu, cargho de toxo o carro, botámolo desde o balcón e levámolo po río

As vacas tiraban do carro e a xente en procesión foi mirar como nadaba o barco. Botouno onde agora está o pantalón. Aquel barco tiña dúas puntas, cando había temporal podía traballar sen que lle entrara a auga. O nome era "Atlántico" e foi co que case gañou a regata do Carmen, el mais o Raimundo quedaron segundos. Di que os portugueses tiñan barcos moi bos, que *"aí rompiáanse remos que coitado"*.



Unha vez na pesqueira do Torrón, alá pa xunta da Nosa Señora da Cabeça, fixeran unha fogueira porque botaran uns eucaliptos abaixo. Facía frío, eu estaba co barco alí. Cada vez que a fogueira collía chamada miraba vir os meixóns pa arriba. Pensei para min: "o meixón vai de maré!"

Naquela altura a *angula* non estaba cotizada. Homes e mulleres apañaban coa peneira por terra, nos días de choiva coa carozada de unco. Había tanto que fartos de comer nel, botábanllos galíñas, ata que os vascos empezaron a comprar e montaron o primeiro viveiro no Torrón. Foi a cando adquiriu importancia.

No río cunha lona de pano e logo cunha rede de tea a rentes do barco suxeita cunhas varas, peneiraban *angula*. O Coruto estaba ao meixón na pesqueira do Torrón cando se deu conta de que tamén íba de mar, e descubriu ademais, que o facía polo medio do río, pola forza da corrente. Entón empezou a pensar *"como se pode facer para collelo no medio do río"*. Foi a cando estudou a maneira de montar a rede. A súa levaba dúas ancoras que a suxeitaban ao fondo de maneira que o meixón non tiña por onde escaparse e podía peneirar máis, o que ía por riba e por baixo. **Transformou a pesca da angula.**

Durante uns anos saía a el. Pero empezou a actividade dos areiros e a escangallarse os portos de pesca. Facían buracos onde se enroscaban as redes e os chupíns dos areiros extraían todo o que íba nas tornas, incluía a crá da lamprea. Acomezou a andaina da **Asociación de Pescadores do Río Miño**, o Coruto un dos seus fundadores e primeiro presidente (1988-2002).

Aqueles homes foron Comandancia de Tui, explicaron o mal que estaban a facer e pediron o fin das concesións. A resposta foi dirixida ao Coruto:

-Usted tiene una red que es ilegal

Non lle gustou, e empezou a facer redes para todo o mundo. Incluso foi por Portugal e como non daba abasto ensinoulle ao zapateiro de Forcadela. Aquilo era un facer nelas todos os días. Ao final todos pescaban coa rede ilegal do Coruto.

Os pescadores uníronse, fixeron unha manifestación na que foron un millar de barcos polo río. Os da asociación galega e os portugueses. O río todo estaba cheo de embarcacións. Era bonito! A manifestación saíu de Forcadela ata Tui. Aparecían barcos por todas partes. En Amorín a xente agardaba na ribeira a miralos pasar.

Os barqueiros remaron xuntos porque estaban fastidiando a pesca do Río Miño. Os portos e as praias. Tempo atrás, en Moldres a area chegaba ao medio do río, facían partidos de fútbol contra os portugueses. Desde eses areais recollíase a rede de arrastre, e non verían os mozos e mozas reuníanse no baño.

O río non volveu ser o que era. A pesca acabou de fallar cando puxeron a funcionar o último salto e logo a contaminación. As sollas deixaron de vir. **Aqueles homes do río**, os que cheos de sono vivían do que daba o río e o campo, os que de decembro a maio campaban as augas do Miño, os que nas noites de neboa *chegaban a casa de quen sabe Deus*, os que case foron ao fondo, os que o Miño non cobrou, perderon presenza. A asociación

de pescadores chegou a ter 250 socios. Hoxe son 55.

Eliseo Alonso dicía que cada ano o Miño cobraba o seu foro, sempre había algún afogado. O Miño marca a fronteira entre países, el o que dá identidade a este lugar. Son as xentes do río os que expectantes ollan como cada vez perden presenza nun lugar que deles por sabedoría. Son eles os que queren boa pesca, os que cada Pascoa seguen celebrando o *Lanzo da Cruz* e que nos lembran que *é bonito ver todas eses barcos no río.*

O Pepe Coruto un home de río, un home sabio. Inventou, innovou, e utilizou todo canto sabía cando houbo que facelo. Eu aprendín do meu avó a admirar as persoas sabias. Para min son só aqueles que perseguen os seus e non os perden de vista. Son mestres na vida, para min o Coruto **un sabio do Miño.**



Último Lanzo da Cruz en Amorín, ca 1950